

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 4 DE FEBREIRO DE 2019.

PRESIDENTE:

O alcalde en funcións, D. Diego Antonio Taibo Monelos

ASISTENTES:

D.^a M^a Guadalupe Pombo Carril
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
D.^a Marta M^a Iglesias Becerra
D. Miguel Suárez García
D.^a Marta M^a Figueroa Fuentes

NON ASISTE:

D.^a Carmen Varela Corbelle

INTERVENTORA MUNICIPAL:

D.^a Vanesa García Barreiro

SECRETARIA XERAL:

D.^a Pilar M^a Pastor Novo

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e catorce minutos do día catro de febreiro do ano dous mil dezanove, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde en funcións, D. Diego Antonio Taibo Monelos (resolución da alcaldía do 31 de xaneiro de 2019), e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as, D.^a M^a Guadalupe Pombo Carril, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D.^a Marta M^a Iglesias Becerra, D. Miguel Suárez García e D.^a Marta M^a Figueroa Fuentes.

Non asiste á sesión a Sra. concelleira D.^a M^a Carmen Varela Corbelle.

Asiste á sesión a Sra. Interventora municipal, D.^a Vanesa García Barreiro.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral, D.^a Pilar M^a Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

C.I.F. P-1503100-H

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA O DÍA 28 DE XANEIRO DE 2019.

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004) a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e oito de xaneiro de dous mil dezanove, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada o día 28 de xaneiro de 2019.

2.- DACIÓNS DE CONTA.

2.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

Publicacións:

- Resolución do 28 de decembro de 2018, da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, para a concesión directa, mediante resolución, das axudas correspondentes ao Plan de mellora de camiños municipais 2019-2020. DOG núm. 21 do 30-01-2019.
- Orde do 28 de decembro de 2018, da Consellería de Política Social, pola que se aproban as bases que rexen as subvencións destinadas ás entidades locais de Galicia para a posta en marcha de iniciativas locais dirixidas á mocidade durante o ano 2019 e se procede á súa convocatoria. DOG núm. 23 do 01-02-2019.

Código do documento	Código do expediente
USG131004K	USG/2019/10
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
4816 1H1S 4K31 1I1M 0TW8	

- Anuncio do 28 de xaneiro de 2019, da Deputación Provincial da Coruña, relativo á resolución pola que se dispón avogar a aprobación das bases reguladoras específicas da convocatoria de subvencións dirixida a agrupacións, asociacións e asociacións de agrupacións de voluntarios de protección civil da provincia da Coruña, de concellos de menos de 20.000 habitantes, para investimentos durante o ano 2019, complementarias das bases reguladoras xerais da Deputación Provincial da Coruña. BOP núm. 21 do 30-01-2019.
- Anuncio do 28 de xaneiro de 2019, da Deputación Provincial da Coruña, relativo á resolución pola que se dispón avogar a aprobación das bases reguladoras específicas da convocatoria de subvencións dirixida a agrupacións, asociacións e asociacións de agrupacións de voluntarios de protección civil da provincia da Coruña, de concellos de menos de 20.000 habitantes, para actividades durante o ano 2019, complementarias das bases reguladoras xerais da Deputación Provincial da Coruña. BOP núm. 21 do 30-01-2019.
- Anuncio do 24 de xaneiro de 2019, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda -Servizo Territorial de Augas de Galicia, de información pública da solicitude de M.S.S.P. de legalización de obras na parcela de referencia catastral 0616411NH5901N0001FX, situada no lugar de Valiñas, parroquia de Sueiro, Concello de Culleredo. Expediente DH.W15.63929. BOP núm. 24 do 04-02-2019.
- Anuncio do 29 de xaneiro de 2019, da Deputación Provincial da Coruña, relativo ás bases específicas de asistencia económica a concellos: Procedemento Subtel SAEM-INFORMES. BOP núm. 24 do 04-02-2019.
- Anuncio do 29 de xaneiro de 2019, do Concello de Culleredo, relativo á resolución da concelleira delegada de Seguridade Cidadá, Recursos Humanos e Réxime Interior do 24 de xaneiro de 2019, pola que se eleva a definitiva a proposta do tribunal cualificador do 14 de decembro de 2018, pola que se declara que superou a fase de oposición do proceso selectivo para cubrir unha praza de Inspector da Policía Local (promoción interna) J.L.L.P. BOP núm. 24 do 04-02-2019.

C.I.F. P-1503100-H

2.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DA ALCALDÍA E DAS DISTINTAS CONCELLERÍAS DELEGADAS.

2.2.1.- O Sr. Taibo Monelos dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións da Concellaría delegada de Urbanismo:

"RESOLUCIÓNS DO 28.01.2018

Resolución núm. 120.- Concedendo a D. V.M.P.G., licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar no lugar de Folgueira, parroquia de Castelo (exp. UAU/2018/585).

Resolución núm. 121.- Concedendo a D^a. M.J.G.F., licenza para a modificación de proxecto básico e de execución de vivenda unifamiliar no lugar de Goiente, parroquia de Sueiro (exp. UAU/2017/419).

Resolución núm 122.- Aceptando o desestimento formulado por a D. J.J.L.A. e D^a R.C.R., respecto da licenza que lles foi concedida para a construción da vivenda unifamiliar e edificación auxiliar, mantendo a mesma respecto do peche da fronte da parcela e as obras de urbanización, na parcela situada na rúa Rio Chan , parroquia de Culleredo (exp. UAU/2016/333)

Resolución 123.- Concedendo a D. S.B.M e D^a F.M^a.I.L., licenza para a construción dunha vivenda na rúa Eduardo Pondal, parroquia de Rutis. (exp. UAU/2018/648).

RESOLUCIONS DO 29.01.2019

Resolución núm 126.- Concedendo a Dona. M.S.M e Don J.C.G., licenza de primeira ocupación para unha vivenda situada na rúa Canle Bieito , parroquia de Culleredo (exp. UAU/2017/658).

Resolución núm 127.- Concedendo a Don A.Q.B., licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar na parcela situada na rúa San Xiao, parroquia de Almeiras (exp. UAU/2018/98).

Código do documento	Código do expediente
USG13I004K	USG/2019/10
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
4816 1H1S 4K31 1I1M 0TW8	

Resolución núm 129.- Correxindo o erro detectado na superficie dunha das parcelas resultantes da segregación concedida por Resolución do concelleiro delegado de Urbanismo de data 23.01.2019, para a segregación da parcela coa referencia catastral 15031A03200267, situada no lugar de Souto, parroquia de Orro, no seguinte senso:

Na parte expositiva, onde di:

“... 3.- Pretende a segregación en 3 parcelas

Unha de 1.372 m² e outra de 1.283 m² (superiores a mínima esixida de 600 m²)...”

Debe dicir:

“...3.- Pretende a segregación en 3 parcelas

Unha de 1.372 m² e outra de 1.203 m² (superiores a mínima esixida de 600 m²) ...” (exp. UAU/2018/810).”

2.2.2.- O Sr. Taibo Monelos dá lectura ao escrito do Sr. alcalde, de data 4 de febreiro de 2019, que transcrito literalmente di:

“**A Alcaldía** dá conta á Xunta de Goberno Local de data do 04/02/2019, das seguintes resolucións ditadas polo servizo de Medio Ambiente, Servizos e Obras:

- Resolución núm. 95 de data do 23/01/2019, pola que se concede o permiso de vertedura ao sistema público de rede de sumidoiros á D. J. P. M. G. para a actividade de “Mantemento e reparación de vehículos de motor” nunha nave industrial situada na R/. E, nave E-14, do polígono industrial de Alvedro.
- Resolución núm. 96 de data do 23/01/2019, pola que se concede o permiso de vertedura ao sistema público de rede de sumidoiros á D. R. G. V. para a actividade de instalacións de frío, calor e acondicionamento de aire nunha nave industrial situada na R/. I, nave I-22, do polígono industrial de Alvedro.
- Resolución núm. 97 de data do 23/01/2019, pola que se concede o permiso de vertedura ao sistema público de rede de sumidoiros á D.^a J. De la C. M. C. para a actividade de restaurantes e postos de comidas nun local situado na R/. Amparo López Jean, núm. 24 – baixo esquerda, parroquia de Rutis.
- Resolución núm. 98 de data do 23/01/2019, pola que se concede o permiso de vertedura ao sistema público de rede de sumidoiros á D. P. G—B. L. para a actividade de comercio por xunto de mobles, nunha nave industrial situada na R/. G, nave G-7, do polígono industrial de Alvedro.
- Resolución núm. 99 de data do 23/01/2019, pola que se require á EBANISTERÍA ANVE, SL para a retirada do vehículo abandonado que ten a matrícula 5670CYD, na R/. Clara Campoamor, núm. 15, deste termo municipal.
- Resolución núm. 114 de data do 25/01/2019, pola que se dá de baixa a licenza municipal de ocupación de terreos de uso público para unhas mesas e cadeiras para a terraza do local adicado á salón de xogos recreativos, sala de internet e anexo de bar situada na Avda. Acea De Ama, núm. 14 – baixo, á EXPLOMARSA CORUÑA, SL.”

2.2.3.- A Sra. Varela Corbelle dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes actividades da Concellería delegada de Educación, Cultura e Participación Cidadá:

“**ACTIVIDADES DE EDUCACIÓN**

EDUCACULLEREDO 2018/19

Código do documento	Código do expediente
USG13I004K	USG/2019/10
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
4816 1H1S 4K31 1I1M 0TW8	

A) ACTIVIDADE: Habilidades sociais básicas: resolución pacífica de conflitos.

Programa: Educación cívica.

Datas: 5, 6, 7, 8 de febreiro.

Horario: de 9:00 h a 12:30 h.

Centros participantes: CEIP P Tarrío, CEIP Sofia Casanova, CEIP Díaz Pardo, CEIP Ría do Burgo e CEIP novo de Culleredo.

Curso: 3º EP.

Nº participantes: 236 (1ª sesión).

Lugar: Aula.

B) ACTIVIDADE: Radio interxeracional.

Programa: Educación para os medios.

Datas: 7 de febreiro (2ª sesión).

Horario: de 9:50 a 11:30 h.

Centros participantes: CEIP novo.

Curso: 3º- 4º EP.

Nº participantes: 10 + persoas maiores colaboradoras.

Lugar: Aula.

C) ACTIVIDADE: Convivamos.

(colaboración Concellería de benestar e igualdade + Concellería de Educación+Concellería de Seguridade cidadá).

Programa: Plan municipal contra o absentismo escolar.

Datas: 4, 5, 6, 7 e 8 de febreiro.

Horario: de 8:30 a 14:10 h.

Centros participantes: IES Blanco Amor.

Curso: 1º ESO.

Nº participantes: 180.

Lugar: Aula.

C.I.F. P-1503100-H

ACTIVIDADES CULTURAIS

MÉRCORES 6 DE FEBREIRO

Biblioteca "Cardeso Liñares" de Vilaboa. 18.30 h:

Cancioneiro multicultural.

De 0 a 100 anos. Entrada libre.

XOVES 7 DE FEBREIRO

Sala de vídeo do Edificio de Servizos Múltiples do Burgo. 19.30 a 21.00 h.

Tertulia de Arte: *Estratexias da visibilidade na arte*, coa artista Luisa Valdés.

Entrada libre.

VENRES 8 DE FEBREIRO

Biblioteca "González Garcés" do Burgo. 18.30 h:

Contacontos coa Dragona Ramona: *Amigos.*

A partir de 3 anos. Entrada libre.

VENRES 8 DE FEBREIRO

Conservatorio de Música de Culleredo. 19.00 h:

Cullencontro en 44:05: Huub Leeuw-Método Suzuki.

Entrada libre.

VENRES 8 DE FEBREIRO

Sala de vídeo do Edificio de Servizos Múltiples do Burgo. 20.00 h:
Presentación do libro *El silencio de la verdad sin tiempo*, de Andrea R. Machín
Entrada libre.”

2.2.4.- A Sra. Pombo Carril dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións da Concellaría delegada da Área de Benestar Social e Igualdade:

“RESOLUCIÓN emitidas dende esta concellaría :

***SERVIZO DE PRESTACIÓNS MUNICIPAIS DE APOIO A AUTONOMÍA E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA (PAAD) conforme ao Regulamento das prestacións municipais de apoio á autonomía e asistencia á dependencia (PAAD) publicado no BOP nº 204 de 25 de outubro de 2013.**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Intensidade
18/01/19	68	Aceptar o desestimento da solicitude do servizo municipal de Axuda no fogar e declarar concluso o procedemento.	M. G. A.	
18/01/19	69	Conceder o Xantar na Casa.	M. C. S. L. e M. B. M.	Sete días da semana.
24/01/19	112	Conceder unha ampliación no servizo municipal de Axuda no Fogar.	M. D. M.	Dez horas á semana (agás festivos).

C.I.F. P-1503100-H

2.3.- SENTENZA 25/2019 DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA, SALA DO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO SECCIÓN 2 DA CORUÑA, PROCEDEMENTO ORDINARIO 4511/2017.

O Sr. alcalde dá conta á Xunta de Goberno Local da sentenza 25/2019, do 18 de xaneiro de 2019, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala do Contencioso Administrativo Sección 2 da Coruña, Procedemento Ordinario 4511/2017, na que o fallo desestima o recurso contencioso-administrativo interposto por JARDINCELAS SL contra a resolución núm. 785/2017 do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais, do 29 de novembro de 2017, que desestima o recurso contra o acordo de adjudicación ditado no procedemento de licitación do contrato de “Servizo de parques biosaludables”, con expediente UCP/2017/10, licitado polo Concello de Culleredo, confirmando na súa integridade o acto impugnado, así como levantar a medida cautelar de suspensión do procedemento e declara que non se aprecia a concorrencia de mala fe ou temeridade na interposición do recurso polo que non procede a imposición de sanción.

Imponse o pago das custas procesuais a parte demandante.

Contra esta sentenza cabe interpoñer recurso de casación.

3.- ASUNTOS SOBREVIDOS.

Non se somete ningún asunto neste punto da orde do día.

4.- ROGOS E PREGUNTAS.

Código do documento	Código do expediente
USG13I004K	USG/2019/10
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
4816 1H1S 4K31 1I1M 0TW8	

Non se formulan.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e vinte e dous minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe
O alcalde en funcións
(Asinado dixitalmente)

(Asinado dixitalmente)

(Asinado dixitalmente nesta data polo concelleiro delegado de Urbanismo, que actuou como Presidente nesta acta en calidade de alcalde en funcións pola resolución referenciada no encabezamento).

C.I.F. P-1503100-H